



*Axudas económicas,
a través da Tarxeta Benvida,
para as familias que no ano 2017
teñan un fillo/a, adopten ou
estean en situación de garda
con fins adoptivos dun
nen/a menor dun ano.*

A *Consellería de Política Social* convoca axudas económicas, a través da *tarxeta benvida*, para as familias que no ano 2017 teñan unha/un filla/o, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano.

Finalidade: Conceder unha axuda económica para as familias que teñan fillos ou fillas, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2017.

Requisitos:

- Residir na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que a renda da unidade familiar do ano 2015 non supere os 45.000 € ou, que a renda per cápita, entendida como a suma das bases impoñibles xeral e do aforro dividida entre o número de membros da unidade familiar, non supere os 13.500 €.
- Ter un teléfono móbil (para os efectos de activar a tarxeta benvida).
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

Contía da axuda: 1200 €/ano - 100 €/mes durante o primeiro ano de vida do/a fillo/a; farase efectiva a través da **tarxeta benvida** (só poderá utilizarse en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializado en artigos e produtos para a infancia).

Documentación:

- A solicitude (Anexo I) e o Anexo II.
- A copia dos DNIs dos proxenitores (nai/pai), só no caso de non autorizar a súa consulta.
- A copia do libro ou libros de familia da unidade familiar.
- A copia da resolución xudicial que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, de ser o caso.
- A copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos/as ou do convenio regulador, de ser o caso.
- O **Volante** de empadramento colectivo de toda a unidade familiar. (é **gratuito**)
- As copias das declaracións da renda do ano 2015 dos pais do menor ou certificados de imputación de rendas do dito ano, só no caso de non autorizar a súa consulta.

Prazo e lugar de solicitude: o prazo de presentación da solicitude será de **dous meses contados desde o día seguinte a aquel en que se produce o nacemento**, a solicitude achegarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado (código do procedemento BS403B) desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, ou en soporte papel. Para máis información nos servizos sociais de atención primaria do Concello de Camariñas, telef.: 981-73 70 04.

Camariñas, 17 de xaneiro de 2017

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade,
Sandra Insua Rial